

## ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN DE MEMBROS DE TRIBUNAIS

Tal como establece o punto 7.7 da ORDE do 24 de febreiro de 2020 pola que se convoca os procedementos selectivos no ensino: “Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 23 da. Lei 40/ 2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, e o artigo 59.2 da Lei 2/2015. de emprego publico de Galicia, **deberán absterse de actuar aqueles membros que realizen tarefas de preparación de aspirantes aos procedementos selectivos** para calquera corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no paragrafo anterior, de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.”

### LEI 40/2015, DO 1 DE OUTUBRO, DE RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO.

#### Sección 4. **Abstención e recusación**

##### Artigo 23. **Abstención.**

1. As autoridades e o persoal ao servizo das administracións en que se dean algunhas das circunstancias sinaladas no numero seguinte absteranse de intervir no procedemento e comunicarano ao seu superior inmediato, quen resolvera o procedente.

2. Son **motivos de abstención** os seguintes:

a) **Ter interese persoal no asunto** de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) **Ter un vinculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade** dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

- c) **Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas** na alínea anterior.
- d) Ter intervido come perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.
- e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos deus últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

**3. Os órganos xerarquicamente superiores a quen se encontre nalgunha das circunstancias sinaladas no punto anterior poderán ordenarlle que se absteña de toda intervención no expediente.**

- 4. A actuación de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas nos cales concorran motivos de abstención non implicara, necesariamente e en todo caso, a invalidez dos actos en que interviñesen.
- 5. A non abstención nos casos en que conorra algunha desas circunstancias dará lugar a responsabilidade que proceda.

#### Artigo 24. **Recusación.**

- 1. Nos casos previstos no artigo anterior, os interesados poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do procedemento.
- 2. A recusación presentarase por medio dun escrito en que se expresara a causa ou causas en que se funda.
- 3. No día seguinte o recusado manifestara ao seu inmediato superior se se da ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, se o superior aprecia a concorrencia da causa de recusación, acordara a súa substitución acto seguido.
- 4. Se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolvera no prazo de tres días, logo dos informes e comprobacións que considere oportunos.
- 5. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpor o recurso que proceda contra o acto que poña fin ao procedemento.

## ARTIGO 8.4 REAL DECRETO 276/2007, DO 23 DE FEBREIRO

4. Cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas, para o mesmo Corpo e especialidade nos cinco anos anteriores, os membros dos órganos de selección deberán absterse de intervir, notificándoo, coa debida Xustificación documental, a autoridade convocante, quen resolverá o que proceda.

## ARTIGO 59.2 DA LEI 2/2015. DE EMPREGO PUBLICO DE GALICIA

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección : a) O persoal de elección ou de designación política. b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal. c) O persoal eventual. d) As persoas que nos cinco anos anteriores a publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.